



ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA ILUSTRACIÓN
**ACTA DA ASEMBLEA XERAL
EXTRAORDINARIA 20/01/2024**

REALIZADA ONLINE A TRAVÉS DA PLATAFORMA ZOOM

Hora de convocatoria:

12:00 Inicio da asemblea:

12:13 Asistentes: 12

Asistentes:

Alberto Guitián

Aída Alonso

Augusto Martínez

Bernal Prieto

Chus Rojo Otero

Aarón Fernández

Clara Cerviño

Laura Romero

Laura Tova

Sandra Lodi

Rebeca Varela

Sergio Covelo

Orde do día:

Aarón, secretario da AGPI e moderador na asemblea, comproba primeiro que as persoas conectadas escoitan e ven o streaming. Despois de agardar á segunda convocatoria, procede a ler a orde do día, consistente en cuestións que non se puideron discutir con tempo durante o transcurso da asemblea ordinaria de 2023 :

1. A posición de AGPI co actual funcionamento do Día da Ilustración e a postura da Xunta respectoa esta data nos últimos anos
2. Unha posible suba das cotas dxs socixs de AGPI
3. Contratar os servizos de Safe Creative despois da última polémica con respecto ás IAs xenerativas



A posición de AGPI co actual funcionamento do Día da Ilustración e a postura da Xunta respecto a esta data nos últimos anos:

Laura, dende a presidencia da AGPI, ten serias dúbidas acerca da continuidade e xestión do Día da Ilustración, adicado este ano a figura de **Chichi Campos**. Sinala a importancia da traxectoria do traballo realizado, pero acusa que debido ao pouco orzamento recibido da Xunta para a súa celebración (5000€ impostos engadidos). Laura sinala que con eses 5000€ fanse esforzos por realizar uns talleres nas escolas de artes, ilustracións de homenaxe, un vídeo que fala da traxectoria do autor, a xestión da páxina web, montaxe da exposición, carteis, dietas, desprazamentos...

Guitián comenta os primeiros pasos que se deron co conxunto de bibliotecas de Galicia, e sinala certas problemáticas que el cree que son crónicas, dando algunhas suxerencias, a saber: O pouco impacto do video debido a diversas causas, en comparación co traballo que este dá. Plantexa a opción de facer unha fotogalería. Adxunta o exemplo que el mesmo comenta sobre a figura de Forges (https://elpais.com/elpais/2018/02/22/album/1519290055_921366.html) A falta de tempo para organizar o material recibido dende Bibliotecas e Xunta. A posibilidade de realizar unidades didácticas para alumnos de ensinanza obligatoria. Sinálase a falta de orzamento e as dificultades da colaboración coa Xunta.

Laura comenta que deberíamos agardar ao resultado das eleccións para presentar un proxecto novo sobre o Día da Ilustración. Coméntase a posibilidade de facer varias propostas, unha de máximos e outra de mínimos.

Augusto Metzli comenta que hai diferentes sensibilidades acerca deste tema, tal vez debido a figura de Castelao, ou que este é un evento minoritario. Logo comenta o feito de que son a web e o video os máximos consumidores do orzamento dado pola Xunta. Augusto tamén comenta que a AGPI neste caso funciona como unha especie de productora da Xunta. Comentase a vinculación de Castelao co día da ilustración e a posibilidade de cambiar o día.

Coméntase que o día da ilustración non ten porque estar enfocado nun autor concreto. Tamén se comenta que en Xaneiro os orzamentos están aínda sen pechar.

Sandra Lodi comenta que non deberíamos prescindir da data e do factor divulgativo da obra do autor.

Fálase da posibilidade de enlazar o DI con outras entidades como Cultugal.

Despois de varias intervencións, e algo de debate, chégase a decisión de facer unha **comisión de traballo** adicada a este evento. A súa primeira acción será redactar un documento tipo enquisa ou formulario para recoller suxerencias e sensibilidades do resto de socios que non participen na mesma.

Unha posible suba das cotas dxs socixs de AGPI:

A proposta de subir as cotas ven dende a Secretaría Técnica, pois considerase que a día de hoxe sería necesario un pequeno aumento, xa que as cotas non variaron polo menos nos últimos dez anos. Neste periodo as diferentes directivas procuraron optimizar os gastos tomando medidas como o cambio de sede por unha máis económica, pero o certo é que cos anos os gastos foron aumentando. Este aumento ven por un lado polo aumento dos prezos (desprazamentos, impostos,...) e por outro lado polo aumento dos honorarios na Secretaría Técnica, novos servizos como a Asesoría Legal, etc. Xeralmente as contas anuais de AGPI rematan en positivo, se ben este saldo tampouco é moi elevado. Nalgunha ocasión vimonos na obriga de facer algún préstamo por parte dalgún membro da directiva á conta de AGPI por mor dalgún gasto puntual. Son préstamos que se pagan nun prazo breve, pero non é unha situación que non se quere repetir na medida do posible. Unha pequena suba de cotas permitiría ter un pouco máis de fondo para non ter que recurrir a axuda externa. Estamos contemplando tamén buscar vías distintas como algunha liña de subvención para costear algúns gastos e poder aliviar algo máis as contas.



Actualmente a cota actual son 9€ mensuais para os socios que levan menos dun ano (27€ trimestrais), e 12€ (36€ trimestrais) para socios que levan máis dun ano ou se reincorporan a AGPI despois dunha etapa fora da asociación.

Sergio, o Secretario técnico comenta a situación das contas e o feito de contar con algo máis de cartos a fin de ano pode crear un pequeno colchón para non ter disgustos financeiros. Valóranse diferentes subas das cuotas trimestrais (1,2 e 3€) **gañando por votación unánime das asistentes subir as cuotas trimestrais 3€** quedando así as mesmas.

- ✓ **10€ mensuais para os socios que levan menos de un ano (30€ trimestrais)**
- ✓ **13€ mensuais para os socios que levan máis de un ano (39€ trimestrais)**

Esta decisión terá efecto no próximo cobro de cuotas en **Abril**.

Contratar os servizos de Safe Creative despois da última polémica con respecto ás IAs xenerativas:

Augusto expón a polémica que xordeu a raíz do emprego de Safe Creative de IAs xenerativas de imaxes. Tamén fala da utilidade deste tipo de plataformas , a hora de catalogar e preservar os dereitos de autor sobre as imaxes producidas polos mesmos e sinala outras que poderían empregarse para este fin. Sinala que esta ferramenta non se puxo a disposición dos socios no pasado, pero que está a investigalas e no caso de ver que pode ter un impacto positivo na protección dos dereitos de imaxe dos socios.

Rebeca Varela mostra interese neste tipo de plataformas e comenta que poderían resultar interesantes.

Aarón agradece a asistencia e da por pechada a assemblea.

Fin da assemblea.

